

DOMINGO II DE PASCUA

45.-

PRIMEIRA LECTURA

Aumentaban os crentes no Señor: multitudes de homes e mulleres

Lectura do libro dos Feitos dos apóstolos **5, 12-16**

Pola man dos apóstolos facíanse moitos sinais e prodixios entre o pobo. E todos se xuntaban de común acordo no pórtico de Salomón; dos outros ninguén ousaba xuntarse con eles, aínda que o pobo os tiña en grande estima.

A cantidade dos que crían no Señor, homes e mulleres, medraba máis e máis. A tal punto que quitaban para as rúas os enfermos en camas e padiolas, para que cando pasase Pedro, polo menos a súa sombra cubrise algúns deles.

Viña moita xente das vilas veciñas de Xerusalén e traía enfermos e atormentados por espíritos impuros, e todos quedaban curados.

Palabra do Señor.

Salmo responsorial Sal 117, 2-4. 22-24. 25-27a (R.: 1)

**R.: Loade o Señor, porque é bo,
porque é para sempre a súa misericordia.**

Ou:

Aleluia.

Que o diga a casa de Israel:
é para sempre a súa misericordia.
Que o diga a casa de Aharón:
é para sempre a súa misericordia.
Que o digan os que temen o Señor:
é para sempre a súa misericordia. **R.**

A pedra que os canteiros desbotaron,
 esa mesma, converteuse en esquinal.
 Foi o Señor quen o fixo,
 unha marabilla á nosa vista.
 Este é o día no que o Señor actuou:
 alegrémonos nel e relouquemos. R.

¡Señor, dáno-la salvación!
 ¡Señor, dános prosperidade!
 Bendito o que vén no nome do Señor:
 desde a casa do Señor bendicímosvos.
 O Señor é Deus: El dáno-la luz. R.

SEGUNDA LECTURA

Estiven morto, e velaquí vivo por sempre eternamente

Lectura do libro da Apocalipse 1, 9-11a. 12-13. 17-19

Eu, Xoán, voso irmán e compañeiro no sufrimento, no reino e na esperanza en Xesús, estaba na illa chamada Patmos, por cousa da palabra de Deus e do testemuño de Xesús. Caín en arroubo o día do Señor e oín detrás miña un berro forte, coma dunha trompeta, que dicía:

—«O que vas ver escríbeo nun libro e mándallelo ás sete igrexas.»

E dei a volta para ver de quen era a voz que me falaba e, ó virar, vin sete candelabros de ouro e no medio dos candelabros unha figura humana vestida cunha túnica talar e cunha faixa de ouro cinguida á altura do peito.

Ó velo, caín ós seus pés coma morto. Pero el puxo a súa man dereita sobre min e díxome:

—«Non teñas medo. Eu son o Primeiro e o Derradeiro, o que vive; estiven morto pero repara en que estou vivo polos séculos dos séculos e teño as chaves da Morte e do lugar dos mortos.

Escribe, logo, todo o que ves, o que hai e o que ha vir despois disto.»

Palabra do Señor.

Aleluia Xn 20, 29

Se non se canta, pódese omitir.

Aleluia, aleluia.

Porque me viches, Tomé, tes fe, di o Señor;
ditosos os que creron sen veren.
Aleluia.

EVANXEO

Pasados oito días, veu Xesús

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán 20, 19-31

Naquel día, o primeiro da semana, ó serán, estando pechadas as portas onde estaban os discípulos, por medo dos xudeus, chegou Xesús e, poñéndose no medio, díxolles:

—«Paz convosco.»

Dito isto, mostróulle-las mans e mailo costado. Os discípulos alegráronse, vendo o Señor. El díxolles outra vez:

—«Paz convosco: coma o Pai me mandou a min, tamén eu vos mando a vós.»

E dito isto alentou sobre eles e díxolles:

—«Recibide o Espírito Santo: a quen lles perdoéde-los pecados, quedaranllas perdoados; a quen llelos reteñades, quedaranllas retidos.»

Pero Tomé, un dos Doce, o chamado Xemelgo, non estaba con eles cando chegou Xesús.

Dicíanlle entón os outros discípulos:

—«Vímo-lo Señor.»

Pero el contestoulles:

—«Como non vexa nas súas mans as furas dos cravos e non metelas o meu dedo; como non meta a miña man no seu costado, non crerei.»

Oito días despois estaban outra vez dentro os discípulos, e Tomé con eles. Chegou Xesús, estando pechadas as portas, e poñéndose no medio, dixo:

—«Paz convosco.»

Despois díxolle a Tomé:

—«Trae aquí o teu dedo e mira as miñas mans; trae a túa man e métea no meu costado. Non sexas incrédulo, senón home de fe.»

Tomé respondeulle:

—«¡Meu Señor e meu Deus!»

Xesús díxolle:

—«¿Tes fe porque me viches? ¡Benia os que creron sen veren!»

Moitos outros signos fixo Xesús diante dos seus discípulos, que non se escribiron neste libro. Estes escribíronse para que creades que Xesús é o Mesías, o Fillo de Deus, e, crendo, teñades vida nel.

Palabra do Señor.

DOMINGO III DE PASCUA

48.-

PRIMEIRA LECTURA

Nós somos testemuñas destas palabras e tamén o Espírito Santo

Lectura do libro dos Feitos dos apóstolos **5, 27b-32. 40b-41**

Naqueles días, o xefe dos sacerdotes interrogou os apóstolos:

—«Expresamente vos mandamos que non ensinasesedes nese nome, e vós enchestes Xerusalén coa vosa doutrina. Vós queredes botar sobre nosoutros o sangue dese home.»

Pedro e os apóstolos responderon:

—«Cómpre obedecer a Deus antes ca ós homes. O Deus de nosos pais resucitou a Xesús, a quen vós matastes colgándoo dun madeiro; pois a este enxalzouno Deus coa súa dereita, facéndoo Xefe e Salvador, a fin de lle outorgar a Israel a conversión e o perdón dos pecados. E nós somos testemuñas destas cousas e tamén o Espírito Santo, que Deus dá ós que o obedecen.»

Azoutaron ós apóstolos e ordenáronllles que non falasen no nome de Xesús, e deixáronos ir.

Eles saíron de diante do consello moi alegres de resultaren dignos de sufrir por mor do nome de Xesús.

Palabra do Señor.

Salmo responsorial Sal 29, 2 e 4. 5 e 6. 11 e 12a e 13b (R.: 2a)

R.: Eu lóote, Señor, porque me libraches.

Ou:

Aleluia.

Eu lóote, Señor, porque me libraches
e non deixaches rirse de min os inimigos.

sacaches do abismo a miña vida,
fixéchesme revivir,
lonxe dos que baixan ó sepulcro. R.

Cantádelle ó Señor os seus amados,
loade o seu santo nome.
O seu furor dura só un intre;
o seu favor, toda a vida.
Se hai pranto á tardiña,
ó abrente xa hai ledicia. R.

Escoita, Señor; ten compaixón de min,
Señor, ven socorrerme.
Trocáche-lo meu lamento en danza,
Señor, meu Deus, hei loarte por sempre. R.

SEGUNDA LECTURA

É digno o Año a quen mataron de recibi-la forza e a riqueza

Lectura do libro da Apocalipse 5, 11-14

Eu, Xoán, vin e oín a voz de moitos anxos arredor do trono e dos animais e dos anciáns: o número deles era de milleiros e milleiros. Proclamaban con forte voz:

«Merecente é o Año, por estar degolado,
de recibi-lo poder, a riqueza, a sabedoría,
a forza, a honra, a gloria e a bendición».

E oín que tódalas criaturas que están no ceo e na terra e debaixo da terra e enriba do mar e tódalas cousas que hai nelas, proclamaban:

«Para quen está sentado no trono e para o Año: a bendición, a honra, a gloria e o poder polos séculos dos séculos.»

E os catro animais dicían: «Amén» e os anciáns caeron en adoración.

Palabro do Señor.

Aleluia

Se non se canta, pódese omitir.

Aleluia, aleluia.

Resucitou Cristo, que creou tódalas cousas
e tivo misericordia do xénero humano.

Aleluia.

EVANXEO

Foi Xesús, colleu o pan e déullelo, e igualmente o peixe

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Xoan 21, 1-19

Naquel tempo, aparecéuselles outra vez Xesús ós seus discípulos onda o lago de Tiberíades. Foi deste xeito: estaban xuntos Simón Pedro, Tomé o chamado Xemelgo, Natanael o de Caná de Galilea, os do Zebedeo, e mais outros dous discípulos seus.

Simón Pedro díxolles:

—«Vou pescar.»

Eles contestaron:

—«Imos tamén nós contigo.»

Saíron, e subiron a bordo. Pero aquela noite non colleron nada. Xusto cando acababa de rompe-lo día, presentouse Xesús na ribeira do lago. Pero non se decataron os discípulos de que era Xesús. Xesús preguntoulles:

—«Rapaces, ¿tedes algo que comer?»

Eles responderon:

—«Non.»

Díxolles entón:

—«Largade o aparello por estribor e atoparedes.»

Eles largárono, e xa non podían halalo a bordo, de tanto peixe. Entón, aquel discípulo a quen amaba Xesús díxolle a Pedro:

—«É o Señor.»

Entón Simón Pedro, ó escoitar que era o Señor, cinguiu o vestido —pois estaba espido— e botouse ó mar. Os outros discípulos chegaron no bote —porque non estaban lonxe da terra senón a menos de cen metros—, remolcando o aparello cos peixes.

Cando vararon en terra, viron que había unhas brasas cun peixe enriba, e mais pan.

Xesús díxolle:

—«Traede peixes dos que acabades de coller.»

Simón Pedro subiu ó bote e arrastrou para terra o aparello cheo de cento cincuenta e tres peixes grandes; e, con seren tantos, non rachou o aparello.

Xesús díxolle:

—«Vinde comer.»

Ningún dos seus discípulos se atrevía a preguntarlle «ti quen es», sabedores de que era o Señor. Foi Xesús, colleu o pan e déullelo, e igualmente o peixe.

Esta foi a terceira vez que Xesús se manifestou ós seus discípulos resucitado de entre os mortos.

Cando xa comeran, preguntoulle Xesús a Simón Pedro:

—«Simón de Xoán ¿ámasme máis ca estes?»

El contestoulle:

—«Si, Señor, ti sabes que te quero.»

Xesús díxolle:

—«Apacenta os meus años.»

E de novo preguntoulle por segunda vez:

—«Simón de Xoán, ¿ámasme?»

El respondeulle:

—«Si, Señor, ti sabes que te quero.»

Xesús díxolle:

—«Apacenta as miñas ovellas.»

E preguntoulle por terceira vez:

—«Simón de Xoán, ¿quéresme?»

Entristeceuse Pedro de que lle preguntase por terceira vez «¿quéresme?», e respondeulle:

—«Señor, ti sábelo todo, ti ben sabes que te quero.»

Xesús díxolle:

—«Apacenta as miñas ovellas. Con toda verdade cho aseguro: cando eras novo vestíaste ti e ías onde querías; cando te fagas vello, estendera-las túas mans, e vestirate outro e levarate onde non queres.»

Dixo isto para significar con que clase de morte había de dar gloria a Deus. E despois engadiu:

—«Sígueme.»

Palabro do Señor.

Ou máis breve:

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán 21, 1-14

Naquel tempo, aparecéuselles outra vez Xesús ós seus discípulos onda o lago de Tiberíades. Foi deste xeito: estaban xuntos Simón Pedro, Tomé o chamado Xemelgo, Natanael o de Caná de Galilea, os do Zebedeo, e mais outros dous discípulos seus.

Simón Pedro díxolles:

—«Vou pescar.»

Eles contestaron:

—«Imos tamén nós contigo.»

Saíron, e subiron a bordo. Pero aquela noite non colleron nada. Xusto cando acababa de rompe-lo día, presentouse Xesús na ribeira do lago. Pero non se decataron os discípulos de que era Xesús. Xesús preguntoulles:

—«Rapaces, ¿tedes algo que comer?»

Eles responderon:

—«Non.»

Díxolles entón:

—«Largade o aparello por estribor e atoparedes.»

Eles largárono, e xa non podían halalo a bordo, de tanto peixe. Entón, aquel discípulo a quen amaba Xesús díxolle a Pedro:

—«É o Señor.»

Entón Simón Pedro, ó escoitar que era o Señor, cinguiu o vestido —pois estaba espido— e botouse ó mar. Os outros discípulos chegaron no bote —porque non estaban lonxe da terra senón a menos de cen metros—, remolcando o aparello cos peixes.

Cando vararon en terra, viron que había unhas brasas cun peixe enriba, e mais pan.

Xesús díxolles:

—«Traede peixes dos que acabades de coller.»

Simón Pedro subiu ó bote e arrastrou para terra o aparello cheo de cento cincuenta e tres peixes grandes; e, con seren tantos, non rachou o aparello.

Xesús díxolles:

—«Vinde comer.»

Ningún dos seus discípulos se atrevía a preguntarlle «ti quen es»,

sabedores de que era o Señor. Foi Xesús, colleu o pan e déullelo, e igualmente o peixe.

Esta foi a terceira vez que Xesús se manifestou ós seus discípulos resucitado de entre os mortos.

Palabra do Señor.

DOMINGO IV DE PASCUA

51.-

PRIMEIRA LECTURA

Velaquí, volvémonos ós xentís

Lectura do libro dos Feitos dos apóstolos 13, 14. 43-52

Naqueles días, Paulo e mais Bernabé chegaron a Perxe, e seguiron a Antioquía de Pisidia. Un día de sábado entraron na sinagoga e sentáronse.

Moitos xudeus e prosélitos practicantes foron con Paulo e Bernabé, que, falando con eles, os animaban a perseverar na gracia de Deus.

Para o outro sábado xuntouse case toda a cidade para escoita-la palabra de Deus, pero os xudeus enhéronse de envexa ó veren tanta xente, e opoñíanse con insultos ó que Paulo dicía. Entón Paulo e Bernabé dixeron ousadamente:

—«Tiñamos que anunciárvo-la palabra de Deus primeiro a vós; pero, visto que a refugades e non vos considerades dignos da vida eterna, volvémonos cara ós pagáns; pois así nolo mandou o Señor: “Púxente como luz das nacións, para leváre-la salvación ata os confíns da terra.”»

Os pagáns, sentindo isto, enhíánse de alegría, loando a mensaxe do Señor; e creron tó dolos que estaban destinados á vida eterna. Deste xeito a palabra de Deus espallábase por toda a bisbarra.

Pero os xudeus encirraron ás señoras de alta categoría que eran devotas e ós principais da cidade e promoveron unha persecución contra Paulo e Bernabé, expulsándoo do seu territorio.

Estes, sacudindo contra eles o po dos seus pés, marcharon para Iconio, mentres os discípulos ficaban cheos de alegría e do Espírito Santo.

Palabra do Señor.

Salmo responsorial Sal 99, 2. 3. 5 (R.: 3c)

R.: Nós sómo-lo seu pobo, ovellas do seu rabaño.

Ou:

Aleluia.

Aclama ó Señor, terra enteira,
servide o Señor con alegría,
entrade á súa presencia con gritos de xúbilo. **R.**

Sabede que o Señor é Deus,
que El nos fixo e que somos del,
que sómo-lo seu pobo,
as ovellas do seu rabaño. **R.**

Porque o Señor é agarimoso,
a súa misericordia dura por sempre,
a súa fidelidade, de xeración en xeración. **R.**

SEGUNDA LECTURA

O Año será o seu pastor e levaraos ás fontes de auga

Lectura do libro da Apocalipse 7, 9. 14b-17

Eu, Xoán, mirei e vin un mundo de xente que ninguén era capaz de contar, de tódalas nacións, tribos, pobos e linguas, en pé diante do trono e do Año. Vestían roupa branca e levaban ramallos de palma nas mans.

E díxome un dos anciáns:

—«Estes son os que veñen de pasa-las súas grandes penas; lavaron os seus vestidos e branquexáronos co sangue do Año.

Por iso están diante do trono de Deus, e adórano día e noite no seu santuario.

E quen está sentado no trono chantará a súa tenda cabo deles. Non terán máis fame nin sede, nin caerá endexamais sobre eles o sol, nin ningunha queimadura del.

Porque o Año, que está no medio do trono, será o seu pastor, levaraos ás fontes de auga e Deus enxugará dos seus ollos toda bágoa.»

Palabra do Señor.

Aleluia Xn 10, 14

Se non se canta, pódese omitir.

Aleluia, aleluia.

Eu son o bo pastor, di o Señor;
coñezo as miñas ovellas e elas coñécenme a min.
Aleluia.

EVANXEO

Eu dólle-la vida eterna ás miñas ovellas

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán 10, 27-30

Naquel tempo, díxolles Xesús ós fariseos:

—«As miñas ovellas escoitan a miña voz: eu coñézoas e elas séguenme; eu doulles vida eterna, e non se perderán para sempre: ninguén mas quitará da man.

Meu Pai, que mas deu, é máis ca todos, e ninguén pode arrepañalas da man do Pai. Meu Pai e mais eu somos un.»

Palabra do Señor.

DOMINGO V DE PASCUA

54.-

PRIMEIRA LECTURA

Comunicáronlle á Igrexa as marabillas que Deus realizara con eles

Lectura do libro dos Feitos dos apóstolos **14, 21b-27**

Naqueles días, Paulo e mais Bernabé volveron para Listra, Iconio e Antioquía, fortalecendo o espírito dos discípulos e animándooos a perseveraren na fe, porque —dicíanllas— temos de pasar por moitos traballos para entrarmos no Reino de Deus. E despois de designarlles presbíteros en cada Igrexa, oraban, xaxuaban e encomendábanos ó Señor, en quen creran.

Atravesando a Pisidia, chegaron a Panfilia e, logo de anunciaren a palabra en Perxe, baixaron cara a Atalía.

De alí embarcaron para Antioquía, desde onde foran confiados á gracia de Deus para a misión que viñan de cumplir.

Chegando, reuniron a Igrexa e contaron todo canto Deus fixera con eles e como lles abrira ós pagáns a porta da fe.

Palabra do Señor.

Salmo responsorial Sal 144, 8-9. 10-11. 12-13ab (R.: cf. 1)

R.: Bendicirei o teu nome para sempre, meu Deus e meu Rei.

Ou:

Aleluia.

O Señor é clemente e compasivo,
tardo á ira e rico en misericordia.

O Señor é bo para todos,
agarimoso con tódalas súas obras. **R.**

Que te loen, Señor, as túas obras,
e te bendigan os teus amigos.
Que pregoen a gloria do teu reino,
e falen do teu poder. **R.**

Que ensinen ós homes os teus feitos,
e a maxestade gloriosa do teu reino.
O teu reino é reino eterno,
o teu goberno dura por tódalas xeracións. **R.**

SEGUNDA LECTURA

Enxugará tódalas bágoas dos seus ollos

Lectura do libro da Apocalipse **21, 1-5a**

Eu, Xoán, vin un ceo novo e unha terra nova, pois o primeiro ceo e a primeira terra xa pasaran; e o mar xa non existía.

Tamén vin que a cidade santa, unha Xerusalén nova, baixaba do ceo de onda Deus, preparada coma a esposa que está engalanada para o seu esposo. E sentín unha forte voz que desde o trono dicía:

—«Velaquí a tenda de Deus onda os homes. Acampará entre eles: eles serán o seu pobo e El será o seu Deus e compañoiro. Enxugará tódalas bágoas dos seus ollos, e a morte xa non existirá máis. Nin haberá máis loito nin pranto nin dor, porque as primeiras cousas pasaron xa.»

O que estaba sentado no trono dixo:

—«Vede que volvo novas tódalas cousas.»

Palabra do Señor.

Aleluia Xn 13, 34

Se non se canta, pódese omitir.

Aleluia, aleluia.

Douvos un mandamento novo, di o Señor;
que vos amedes uns a outros como eu vos amei.
Aleluia.

EVANXEO

Douvos un mandamento novo, que vos amedes uns a outros

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán 13, 31-33a. 34-35

Cando Xudas saíu do cenáculo, díxolle Xesús:

—«Agora queda glorificado o Fillo do Home e Deus queda glorificado nel. Se Deus queda glorificado nel, tamén Deus o glorificará a el e hao glorificar axiña.

Meus fillos: só un pouquiño estarei convosco.

Douvos un mandamento novo: amádevos uns a outros; como eu vos amei, amádevos tamén entre vós.

Nisto coñecerán todos que sóde-los meus discípulos: se vos tedes amor uns a outros.»

Palabra do Señor.

DOMINGO VI DE PASCUA

Onde a Ascensión do Señor se celebra o domingo seguinte, no Domingo VI da Pascua pódense ler a segunda lectura e o evanxeo do domingo VII (níms. 59-61).

57.-

PRIMEIRA LECTURA

**Decidimos, o Espírito Santo e mais nós,
non vos impoñer máis cargas cás precisas**

Lectura do libro dos Feitos dos apóstolos **15, 1-2. 22-29**

Naqueles días, algúns que baixaron desde Xudea ensinaban ós irmáns:

—«Se non vos circuncidades conforme á tradición de Moisés, non vos podedes salvar.»

Como se orixinou un desacordo e unha disputa non pequena de Paulo e Bernabé contra eles, acordaron que Paulo, Bernabé e algúns outros subisen a Xerusalén a trata-la cuestión cos apóstolos e os responsables.

Entón, os apóstolos e os responsables de acordo con toda a Igrexa, decidiron elixir algúns de entre eles e mandalos a Antioquía, xunto con Paulo e Bernabé; Xudas, chamado Barsabás, e Silas, homes que destacaban entre os irmáns. E por medio deles mandaron esta carta:

«Os irmáns apóstolos e responsables saúdan ós irmáns de orixe pagá, que están en Antioquía, Siria e Cilicia. Somos sabedores de que algúns, saídos de aquí e a quen non demos mandato ningún, andan por aí desacougándovos coas súas palabras; decidimos escoller uns delegados e mandárvolos, xunto cos nosos benqueridos Bernabé e Saulo, que teñen dedicado a súa vida á causa de noso Señor Xesús Cristo; mandámosvos, logo, a Xudas e Silas, que vos dirán de palabra as mesmas cousas.

Porque decidimos, o Espírito Santo e mais nós, non vos impoñer

máis cargas cás precisas: absterse de carnes ofrecidas ós ídolos, do sangue, de animais afogados e da unión deshonesta; faredes ben en gardarvos destas cousas. Saúde.»

Palabra do Señor.

Salmo responsorial Sal 66, 2-3. 5. 6 e 8 (R.: 4)

R.: Lóente os pobos, oh Deus, lóente os pobos todos.

Ou:

Aleluia.

Deus teña piedade de nós e nos bendiga,
faga brilla-lo seu rostro sobre nós.
Que se coñeza na terra o teu camiño,
en tódolas nacións a túa salvación. **R.**

Alégrense e canten as nacións,
porque xúlga-los pobos rectamente
e na terra gobérna-las nacións. **R.**

Lóente os pobos, oh Deus,
lóente os pobos todos.
Que nos bendiga Deus e que o teman
os confíns todos do mundo. **R.**

SEGUNDA LECTURA

Mostroume a santa cidade que descendía do ceo

Lectura do libro da Apocalipse 21, 10-14. 22-23

O anxo levoume en espírito á cima dun monte moi grande e alto e amosoume a cidade santa, Xerusalén, que baixaba do ceo de onda Deus; tiña a gloria do mesmo Deus. O seu resplandor imitaba o dunha pedra preciosa, unha pedra cristalina de xaspe.

Tiña unha muralla grande e alta con doce portas de entrada; e enriba das portas doce anxos; e escritos nelas os seus nomes, que son os das doce tribos de Israel: tres portas polo Nacente, tres portas polo Norte, tres portas polo Mediodía e tres portas polo Poñente.

A muralla da cidade tiña doce alicerces e sobre os alicerces, doce nomes, que son os dos doce Apóstolos do Año.

Nela non vin santuario ningún, porque o seu santuario é o Señor Deus, que todo o sostén, e mailo Año. A cidade non precisa sol nin lúa que a ilumine, que a ilumina a gloria de Deus; e o Año é a súa lámpada.

Palabra do Señor.

Aleluia Xn 14, 23

Se non se canta, pódese omitir.

Aleluia, aleluia.

Quen me ama, cumplirá a miña palabra, di o Señor;
e o meu Pai amarao e viremos a el.

Aleluia.

EVANXEO

O Espírito Santo recordaravos todo canto vos dixen

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán 14, 23-29

Naquel tempo díxolle Xesús ós seus discípulos:

—«Se alguén me ama, gardará a miña palabra, e meu Pai amarao, e viremos onda el, e faremos vida con el. O que non me ama, non garda as miñas palabras; e a palabra que escoitades de min, non é miña, é do Pai que me mandou.

Díxenvos estas cousas mentres estaba convosco; pero o Paráclito, o Espírito Santo que meu Pai mandará no meu nome, ese havos ensinar todo e traeravos á memoria canto eu vos dixen.

Déixovo-la paz, dóuvo-la miña paz: eu non vola dou como o mundo a dá.

Non vos angustiedes, nin teñades medo. Oístes que vos dixen:
“Voume e logo volvo onda vós.”

Se me amásedes, alegrariádesvos de que eu vaia onda o Pai, xa que o Pai é máis ca min.

Díxenvolo agora, antes de que suceda, para que, cando suceda, creades.»

Palabra do Señor.

58.-

Domingo VII de Pascua

Nos lugares onde a Ascensión do Señor se celebra o xoves da semana VI do tempo pascual, hoxe empréganse as lecturas do domingo VII de Pascua, núms. 59-61.

A ASCENSIÓN DO SEÑOR

PRIMEIRA LECTURA

Elevouse á vista deles

Lectura do libro dos Feitos dos apóstolos 1, 1-11

O primeiro libro fíxeno, Teófilo, acerca de todo o que Xesús obrou e ensinou desde o comezo, ata o día que foi levado ó ceo, logo de ter dado instruccións polo Espírito Santo ós apóstolos que escollera.

Ós mesmos que tamén se lles amosara vivo, con moitas probas despois da súa paixón, aparecéuselles durante corenta días e faláballes das cousas referentes ó Reino de Deus.

E comendo con eles, encomendoulles que non se retirasesen de Xerusalén, senón que agardasen a promesa do Pai que me escoitastes a min: porque Xoán bautizou con auga, mais a vós bautizarásevos co Espírito Santo, de aquí a poucos días.

Os que estaban reunidos preguntábanlle:

—«Señor, ¿é agora cando vas restablece-lo Reino de Israel?»

El respondeulle:

—«Non vos acae a vós coñece-lo tempo ou a oportunidade que o Pai fixou co seu propio poder. Pero recibiréde-la forza do Espírito Santo, que virá sobre vós e seréde-las miñas testemuñas en Xerusalén, en toda a Xudea e Samaría e ata os confíns da terra.»

En dicindo isto, elevouse á vista deles e unha nube quitóullelo da súa vista. E estando eles fitando para o ceo mentres el marchaba, presentáronselles dous homes con vestidos brancos, que dixerón:

—«Galileos, ¿que facedes ollando para o ceo? Este Xesús que vos foi levado de entre vós ó ceo, ha volver do mesmo xeito que o vistes ir.»

Palabra do Señor.

Salmo responsorial Sal 46, 2-3. 6-7. 8-9 (R.: 6)

R.: Deus sobe entre aclamacións,
o Señor, ó son de trompetas.

Ou:

Aleluia.

Aplaudide, pobos todos,
aclamade a Deus con cancións.
O Señor é excelso e terrible,
o gran rei de toda a terra. **R.**

Deus sobe entre aclamacións,
o Señor, ó son de trompetas.
Cantádelle a Deus, cantádelle,
cantádelle ó noso rei, cantádelle. **R.**

Deus é o rei de toda a terra:
cantádelle con xeito.
Deus reina sobre as nacións,
sentado no seu trono sagrado. **R.**

SEGUNDA LECTURA

Sentouno á súa dereita no ceo

Lectura da carta do apóstolo san Paulo ós Efesios 1, 17-23

Irmáns:

O Deus do noso Señor Xesús Cristo, o Pai da gloria, vos concede espírito de sabedoría e de revelación, para o coñecerdes ben; que manteña iluminados os ollos da vosa alma, para que comprendades cal é a esperanza da súa chamada, cal a riqueza da gloria da súa herdanza nos crentes, e cal o extraordinario portento do seu poder

verbo de nós, os crentes, en consonancia co vigor da súa potencia e da súa força, que exerceu con Cristo resucitándoo de entre os mortos e sentándoo á súa dereita nos ceos, por riba de todo principado e potestade, de toda virtude e dominación, e por riba de todo título de honra recoñecido neste mundo e tamén no vindeiro.

Someteullo todo baixo os seus pés e púxollo por riba de todo como cabeza á Igrexa, que é o seu corpo, a plenitude daquel que o enche todo en tódalas cousas.

Palabra do Señor.

Aleluia Mt 28, 19a. 20b

Se non se canta, pódese omitir.

Aleluia, aleluia.

Ide e ensinade a tódalas xentes, di o Señor:
eu estou convosco tó dolos días ata a fin do mundo.
Aleluia.

EVANXEO

Mentres os bendicía, era levado ó ceo

+ Lectura do final do santo Evanxeo segundo Lucas **24, 46-53**

Naquel tempo, díxolle Xesús ós seus discípulos:

—«Así está escrito: o Mesías padecerá e resucitará de entre os mortos no terceiro día, e predicarase no seu nome a conversión e mailo perdón dos pecados a tó dolos pobos, empezando por Xerusalén.

Vós seredes testemuñas de todo isto. E eu heivos mandar o don prometido por meu Pai. Entrementes seguide na cidade, ata que se vos revista co poder que vén de arriba.»

Despois levounos para fóra, a un lugar preto de Betania, e alí, erguendo as mans, bendiciunos.

E mentres os bendicía, foise separando deles, e foi elevado ó ceo. Eles, despois de se prostraren perante el, volveron para Xerusalén cheos de alegría. E seguían decote, no templo, bendicindo a Deus.

Palabra do Señor.

Ad libitum para o ano C:

SEGUNDA LECTURA

Cristo entrou mesmo no ceo

Lectura da carta ós Hebreos **9, 24-28; 10, 19-23**

Cristo non entrou nun santuario de feitío humano, copia do verdadeiro, senón que entrou no propio ceo, para poder presentarse agora diante do mesmo Deus a favor noso; e non para repetir moitas veces o seu propio sacrificio, como fai o Sumo Sacerdote, que entra cada ano no santuario levando sangue alleo, porque, se así for, debería ter sufrido moitas veces desde a creación do mundo; pero agora manifestouse dunha vez para sempre, no derradeiro período da historia, para acabar co pecado polo sacrificio de si mesmo, quedou á disposición de todos para acabar co pecado.

E como o destino de todo home é morrer só unha vez e, a continuación da morte, vén o xuízo, así tamén Cristo, despois que se ofrendou para quita-los pecados, aparecerá por segunda vez, agora sen relación co pecado, para salva-los que o están agardando con ansia.

Pois logo, irmáns, xa que temos entrada libre no santuario, polo sangue de Xesús —un vieiro novo e vivente que el nos abriu a través da cortina, isto é, a través da súa carne—, e, xa que temos un gran sacerdote á fronte da casa de Deus, acheguémonos con criterios sans en plenitude de fe.

Xa que estamos limpos por dentro de toda mala conciencia e lavados por fóra con auga limpa, manteñámolo la esperanza indefectible que profesamos, pois quen fixo a promesa é fiel.

Palabra do Señor.

DOMINGO VII DA PASCUA

As seguintes lecturas usaránse onde a Ascensión do Señor se celebrou o xoves da semana VI do tempo pascual.

61.-

PRIMEIRA LECTURA

Vexo o Fillo do Home, de pé, á dereita de Deus

Lectura do libro dos Feitos dos apóstolos 7, 55-60

Naqueles días, Estevo, cheo do Espírito Santo e cos ollos cravados no ceo, viu a gloria de Deus e a Xesús de pé á dereita de Deus, e dixo:

—«Ollade, vexo o ceo aberto e o Fillo do Home, de pé, á dereita de Deus.»

Entón pegaron a berrar, taparon os oídos, e todos á xunta arremeteron contra el; quitárono fóra da cidade e comenzaron a apedralo. As testemuñas deixaron os seus vestidos ós pés dun mozo chamado Saulo.

Apedraban a Estevo, que invocaba así:

—«¡Señor Xesús, recibe o meu espírito!»

E posto de xeonllos, berrou con voz forte:

—«¡Señor, non lles teñas en conta este pecado!»

Dito isto, adormeceu para sempre.

Palabra do Señor.

Salmo responsorial Sal 96, 1 e 2b. 6 e 7c. 9 (R.: 1a e 9a)

R.: O Señor reina, o Altísimo sobre toda a terra.

Ou:

Aleluia.

O Señor reina, alégrese a terra,
exulten tódalas illas,
xustiza e rectitude sosteñen o seu trono. **R.**

Os ceos pregoan a súa rectitude
e tódolos pobos contemplan a súa gloria.
Diante del axeónllanse os deuses. **R.**

Ti, Señor, e-lo Altísimo sobre toda a terra,
excelso más ca tódolos deuses. **R.**

SEGUNDA LECTURA

¡Ven, Señor Xesús!

Lectura do libro da Apocalipse 22, 12-14. 16-17. 20

Eu, Xoán, oín unha voz que me dicía:
—«Mira que vou chegar axiña e traio comigo a miña paga, para
lle pagar a cada un conforme o seu traballo. Eu son o Alfa e o
Omega, o Primeiro e o Derradeiro, o Principio e a Fin.

Benia os que teñen lavada a súa roupa, para teren dereito á árbore
da vida e a entraren polas portas da cidade.

Eu, Xesús, mandéivo-lo meu anxo, para que vos dese testemuño
de todo isto que se refire ás igrexas.

Eu son o renovo e a descendencia de David, o luceiro brillante
da mañá.»

O Espírito e a esposa din: «Ven.»

Quen escoita, que diga: «Ven.»

Quen teña sede, que veña; o que queira, que colla de balde auga
da vida.

Quen testemuña estas cousas, di:

—«Si, veño axiña.»

¡Amén! ¡Ven, Señor Xesús!

Palabra do Señor.

Aleluia Cf. Xn 14, 18

Se non se canta, pódese omitir.

Aleluia, aleluia.

Non vos deixarei orfos, di o Señor:
voume e volverei onda vós e alegrarase o voso corazón.
Aleluia.

EVANXEO

¡Que cheguen á perfecta unidade!

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán 17, 20-26

Naquel tempo, elevando os ollos ó ceo, Xesús orou dicindo:

—«Pai santo, non che rogo só por estes, senón tamén polos que han de crer en min pola palabra deles; que todos sexan un, coma ti, Pai, en min, e eu en ti; que tamén eles sexan un en nós, para que o mundo crea que ti me mandaches.

E a gloria que ti me deches déillela a eles, para que sexan un, coma nós somos un. Eu neles e ti en min, para que cheguen á perfecta unidade, de xeito que o mundo recoñeza que ti me mandaches e que os amaches a eles, como me amaches a min.

Pai, os que me deches, quero que, onde estou eu, estean tamén eles comigo, para que contemplen a miña gloria, a que ti me concediches, porque me amabas xa antes da fundación do mundo.

Pai xusto, o mundo non te coñeceu, pero eu coñecinte, e estes coñeceron que ti me mandaches. Eu manifestéille-lo teu nome e seguiréillelo manifestando, para que o amor co que me amaches estea neles, e tamén eu estea neles.»

Palabra do Señor.

DOMINGO DE PENTECOSTÉS

62.-

MISA DA VIXILIA

Estas lecturas úsanse na tarde do sábado, antes ou despois das primeiras Vésperas do Domingo de Pentecostés.

PRIMEIRA LECTURA

Chamóuselle Babel, porque alí embarullouse a lingua de todo o mundo

Lectura do libro da Xénese 11, 1-9

Daquela, toda a terra falaba unha soa lingua e usaba as mesmas palabras. Ó emigraren os homes desde o oriente, encontráronse nunha chaira, no país de Xinar, e estableceronse alí. Dixéronse uns ós outros:

—«Imos facer ladrillos e cocelos no lume.»

O ladrillo facíalles de pedra e o betume de cemento.

E nisto propuxeron:

—«Imos construír unha cidade e unha torre que chegue co cimo ata o ceo, e fagámonos un nome sonado, para non nos perder pola ancha face da terra.»

Baixou o Señor para ve-la cidade e a torre que os homes construían, e pensou:

—«Aquí hai un pobo unido que fala a mesma lingua. Se empeza facendo isto, ninguén podería privalos desde agora de faceren o que lles veña á cabeza. Baixemos e embarullemos alí mesmo a súa lingua, de xeito que non se entendan uns cos outros.»

O Señor espallounos de alí por toda a terra, e deixaron de construí-la cidade. A esta chamóuselle Babel, porque alí embarullou o Señor a lingua de todo o mundo. Desde alí espallounos por toda a face da terra.

Palabra do Señor.

Ou:

Baixará o Señor diante de todo o pobo sobre o monte Sinaí

Lectura do libro do Éxodo 19, 3-8a. 16-20b

Naqueles días, Moisés subiu ó encontro de Deus, e o Señor chamouno desde a montaña para mandarlle dicir ós descendentes de Xacob, comunicarlles ós israelitas:

—«Vistes como tratei os exípcios, como vos levantei a vós sobre ás de aguia e vos acheguei a min. Se agora me obedecedes e gardáde-la miña alianza, seréde-la miña propiedade escolleita entre tódolos pobos, pois a terra é toda miña. Vós seredes para min un reino de sacerdotes, un pobo consagrado. Isto é o que lles has dicir ós israelitas.»

Moisés foi chama-los anciáns de Israel, para expórlle-las palabras que lle mandara o Señor. O pobo todo a unha respondeu:

—«Faremos todo o qué dixo o Señor.»

Ó amencer do terceiro día houbo trebóns e lóstregos, e unha nube mesta cubría a montaña. A trompeta soou moi forte e o pobo no acampamento arrepiaba co medo.

Moisés fixo saí-lo pobo do acampamento, e levouno ó encontro de Deus. Quedaron todos en pé na aba da montaña. O monte Sinaí fumegaba todo porque o Señor baixara sobre el en medio de lume. Subía fume coma dun forno e toda a montaña tremía.

O son da trompeta facíase máis forte, mentres Moisés falaba e Deus respondía polo trebón.

O Señor baixou sobre o monte Sinaí, ó seu cume, e chamou por Moisés, para que subise onda El.

Palabra do Señor.

Ou:

Ósos secos, infundiréivo-lo espírito e viviredes

Lectura do libro do profeta Ezequiel 37, 1-14

Naqueles días, a man do Señor veu sobre min e fíxome saír coa força do seu espírito, e púxome no medio do val, que estaba cheo de ósos.

Fíxome pasar diante deles dando voltas: e velaí que había moitísimos sobre a superficie do val, e estaban totalmente resecos. Entón díxome:

—«Fillo de Adán, ¿poderán revivir estos ósos?»

Eu repuxen:

—«Señor, ti sábelo.»

Logo díxome:

—«Pronuncia un oráculo sobre estes ósos e dilles: “Ósos resecos, escoitade a palabra do Señor: Así lles fala o meu Señor, a estes ósos: Velaquí: vou traer sobre vós o alento e reviviredes. Porei sobre vós tendóns e farei que criedes carne; cubrireivos con pel, porei en vós o alento, e reviviredes. Entón recoñeceredes que eu son o Señor.”»

Eu pronunciei o oráculo tal como se me mandara; e mentres eu pronunciaba o oráculo, houbo un trono e logo un terremoto, e os ósos xuntáronse cada un co seu compañoiro.

Logo ollei e vin que sobre eles había tendóns, a carne ía medrando e a pel íasellos estendendo por riba. Pero non había neles alento. Logo díxome:

—«Pronúncialle un oráculo ó espírito, pronúnciao, fillo de Adán, e dille ó espírito: “Así fala o meu Señor: Desde os catro ventos, ven, espírito, e sopra nestes cadáveres, para que revivan.”»

Eu pronunciei o oráculo, conforme me mandara. Entón o espírito entrou neles, e reviviron, e tíñanse de pé sobre as súas pernas: era un exército enormemente grande.

Entón díxome:

—«Fillo de Adán, estes ósos son a Casa de Israel enteira.

Velaquí o que din: “Os nosos ósos están resecos, a nosa esperanza está perdida; estamos esnaquizados.” Por iso, profetiza e dilles: “Así fala o meu Señor: Velaí que eu vou abri-las vosas sepulturas, e vouvos facer subir das vosas sepulturas, meu pobo, e vouvos levar á terra de Israel. Recoñeceredes que eu son o Señor, cando eu abra as vosas sepulturas, e cando vos faga subir das vosas sepulturas, meu pobo. Vou poñer en vós o meu espírito e vouvos facer revivir na vosa terra. Así recoñeceredes que eu, o Señor, o digo e o fago —é o Señor quen fala—.”»

Palabra do Señor.

Ou:

Derramarei o meu Espírito sobre os meus servos e servas

Lectura do libro do profeta Xoel 3, 1-5

Así fala o Señor:

—«Despois disto sucederá
que verterei o meu Espírito sobre toda carne,
e os vosos fillos e mailas vosas fillas
converteránse en profetas.

Os vosos anciáns soñarán soños,
os vosos mozos verán visións.

Tamén sobre os servos e mailas servas
verterei naqueles días o meu Espírito.

Farei prodixios no ceo e mais na terra:
sangue, lume e columnas de fume.

O sol cambiarase en escuridade
e a lúa en sangue,
ante a chegada do día do Señor,
do día grande e terrible.

Pero sucederá que todo aquel que invoque o nome do Señor
se salvará,
pois no monte Sión e en Xerusalén será dado o perdón
—tal como o prometeu o Señor—
e tamén para os fuxitivos que chame o Señor.»

Palabra do Señor.

Salmo responsorial

Sal 103, 1-2a. 24 e 35c. 27-28. 29bc-30 (R.: cf. 30)

R.: Manda, Señor, o teu Espírito e renova a cara da terra.

Ou:

Aleluia.

Alma miña, bendí o Señor.

Señor, meu Deus, ti es moi grande,
vestido de gloria e maxestade,
envolto en luz coma nun manto. R.

¡Cantas son, Señor, as túas obras,
todas feitas con saber!
A terra está chea das túas criaturas.
¡Bendí a Deus, alma miña! **R.**

Todos agardan de ti
que lles botes comida ó seu tempo.
Cando a botas, atrápana;
ábre-la man, e fártanse de bens. **R.**

Retíra-lo teu alento, e expiran,
volvendo ó seu po.
Mántala teu alento, e son creados
e renóva-la cara da terra. **R.**

SEGUNDA LECTURA

O Espírito intercede por nós con xemidos más fondos cás palabras

Lectura da carta do apóstolo san Paulo ós Romanos **8, 22-27**

Irmáns:

Sabemos que toda a creación xeme e se retorce ata o momento presente con dores coma de parto. Máis áinda, nós mesmos, que témo-las primicias do Espírito, xememos dentro de nós, degorando pola filiación, pola liberación do noso corpo. Pois estamos salvos en esperanza.

Ora, a esperanza do que se ve non é esperanza, pois ¿como pode un esperá-lo que xa ve? Pero, se esperámo-lo que non vemos, degoramos con constancia.

Do mesmo xeito, tamén o Espírito acode a axuda-la nosa debilidade. Pois nós non sabémo-lo que debemos pedir como cómpre; pero o mesmo Espírito intercede por nós con laios inefables.

E o Deus que escruta os corazóns, coñece a intención do Espírito, pois El intercede polos crentes, conforme á vontade de Deus.

Palabra do Señor.

Aleluia

Se non se canta, pódese omitir.

Aleluia, aleluia.

Ven, Espírito Santo, enche o corazón dos teus fieis;
e acende neles o lume do teu amor.

Aleluia.

EVANXEO

Manarán ríos de auga viva

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán **7, 37-39**

No derradeiro día, o máis grande da festa, púxose Xesús de pé,
e gritou:

—«Se alguén ten sede, que veña onda min e beba. Como di a Escritura, a quen cre en min abrollaranlle do seu ventre regueiros de auga viva.»

(Isto dicíao do Espírito que habían recibir cantos creran nel: pois aínda non había Espírito, porque Xesús non fora aínda glorificado.)

Palabra do Señor.

63.-

MISA DO DÍA

PRIMEIRA LECTURA

Quedaron cheos do Espírito Santo e puxéronse a falar

Lectura do libro dos Feitos dos apóstolos 2, 1-11

Cando se cumpriron os días de Pentecostés, estaban todos xuntos no mesmo sitio. De súpito, veu do ceo un ruído coma dun forte golpe de vento que encheu toda a casa onde estaban; e apareceron talmente coma linguas de lume, que, repartidas, foron pousando unha sobre cada un deles.

Quedaron cheos do Espírito Santo e puxéronse a falar noutras linguas, conforme lles concedía o Espírito.

Había daquela en Xerusalén xudeus piadosos de tódalas nacións da terra. Ó se producir aquel estrondo, xuntouse a xente e ficou moi desconcertada, porque cada un os sentía falar na súa propia lingua. Pasmados e admirados, dicíanllas uns a outros:

—«¡Olla! ¿E todos estos que están aí a falar non son galileos? ¿E logo como é que os sentimos falar cada un de nós no noso propio idioma nativo? Partos, medos, elamitas, xente da Mesopotamia, Xudea, Capadocia, Ponto, Asia, Frixia e Panfilia, do Exipto e da parte de Libia contra Cirene, forasteiros romanos tanto xudeus coma prosélitos, cretenses e árabes, sentimos falar nas nosas linguas das grandezas de Deus.»

Palabra do Señor.

Salmo responsorial Sal 103, 1ab e 24ac. 29bc-30. 31 e 34 (R.: 30)

R.: Manda, Señor, o teu Espírito e renova a cara da terra.

Ou:

Aleluia.

Alma miña, bendí o Señor.
 Señor, meu Deus, ti es moi grande.
 ¡Cantas son, Señor, as túas obras!
 A terra está chea das túas criaturas. **R.**

Retíra-lo teu alento, e expiran,
 volvendo ó seu po.
 Manda-lo teu alento, e son creados
 e renóva-la cara da terra. **R.**

Gloria ó Señor por sempre,
 alégrese o Señor coas súas obras.
 Que El acolla o meu cantar
 e alegrareime eu no Señor. **R.**

SEGUNDA LECTURA

**A todos nos bautizaron nun único Espírito,
 para formarmos un único corpo**

Lectura da primeira carta do apóstolo san Paulo ós Corintios

12, 3b-7. 12-13

Irmáns:

Ninguén que diga: «Renegado sexa Xesús», fala movido polo Espírito de Deus; e ninguén é capaz a dicir: «Xesús é o Señor», se non é baixo o influxo do Espírito Santo.

Hai diversidade de dons, pero un mesmo Espírito. Hai diversidade de servicios, pero un mesmo Señor. Hai diversidade de realizacións, pero un mesmo Deus, que é quen realiza todo en todos.

A cadaquén dáselle a manifestación do Espírito para o ben común.

Porque igual que o corpo, sendo un, ten moitos membros e todos estes membros, con seren moitos, non fan más dun corpo: así tamén Cristo.

Porque a todos nos bautizaron nun único Espírito, para formarmos un único corpo: tanto xudeus coma gregos, tanto escravos coma libres. E a todos se nos deu a beber un único Espírito.

Palabra do Señor.

SECUENCIA

Ven, Espírito divino,
manda a túa luz do ceo.
Pai amoroso do pobre
don, nos teus dons xeneroso,
luz que penetra nas almas,
fonte de todo consolo.

Ven, hóspede desexado,
descanso do noso esforzo,
tregua no duro traballo,
brisa nas horas de afogo,
gozo que as bágoas enxuga
e reconforta na dor.

Entra ata o fondo da alma,
divina luz, e enriquécenos.
Mira o baleiro do home
se Ti lle faltas por dentro,
mira o que pode o pecado
cando falta o teu alento.

Lava en nós todo o manchado,
regá o árido e sedento,
sanda as feridas do pobo;
amolece o que está teso,
pon calor onde hai friaxe,
dános bo discernimento.

Reparte os teus sete dons
segundo a fe dos teus servos.
Segundo a túa bondade,
dálle ó esforzo o teu premio,
salva a quen busca salvarse
e dáno-lo gozo eterno.
Amén. Aleluia.

Aleluia

Se non se canta, pódese omitir.

Aleluia, aleluia.

Ven, Espírito Santo, enche o corazón dos teus fieis;
e acende neles o lume do teu amor.

Aleluia.

EVANXEO

**Como me mandou a min o Pai, así vos mando eu a vós:
recibide o Espírito Santo**

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán 20, 19-23

Naquel día, o primeiro da semana, ó serán, estando pechadas as portas onde estaban os discípulos, por medo dos xudeus, chegou Xesús e, poñéndose no medio, díxolles:

—«Paz convosco.»

Dito isto, mostróulle-las mans e mailo costado. Os discípulos alegráronse, vendo o Señor.

El díxolles outra vez:

—«Paz convosco: coma o Pai me mandou a min, tamén eu vos mando a vós.»

E dito isto alentou sobre eles, e díxolles:

—«Recibide o Espírito Santo: a quen lles perdoéde-los pecados, quedaranllas perdoados; a quen llelos reteñades, quedaranllas retidos.»

Palabra do Señor.

Ad libitum para o ano C:

SEGUNDA LECTURA

Cantos se deixan guiar polo Espírito de Deus, eses son fillos de Deus

Lectura da carta do apóstolo san Paulo ós Romanos 8, 8-17

Irmáns:

Os que viven conforme a condición carnal, non poden agradar a Deus.

Pero vós non vivides conforme a carne, senón conforme o espírito, se é que o Espírito de Deus habita en vós: se algún non ten o Espírito de Cristo, ese non é de Cristo.

Pero se Cristo está en vós, o voso corpo certamente está morto por culpa do pecado, mais o espírito é vida por causa da xustiza.

Se o Espírito do que resucitou dos mortos a Xesús habita en vós, o mesmo que resucitou a Cristo Xesús dos mortos, vivificará os vosos corpos mortais polo seu Espírito que habita en vós.

Polo tanto, irmáns, somos de certo debeñores, pero non da condición carnal, para vivirmos segundo ela.

Porque, se vivides segundo a condición carnal, habedes morrer; pero, se coa axuda do Espírito mortificáde-las obras do corpo, viviredes.

Cantos se deixan guiar polo Espírito de Deus, eses son fillos de Deus. Pois non recibistes un espírito de escravitude, para volverdes ó temor. Non. Vós recibistes un espírito de fillos adoptivos, gracias ó que podemos gritar: ¡«Abbá»: Pai!

Este mesmo Espírito, xuntamente co noso, dá testemuño de que somos fillos de Deus. E, se fillos, tamén herdeiros: herdeiros de Deus e coherdeiros con Cristo; se padecemos con el, é para sermos tamén glorificados con el.

Palabra do Señor.

EVANXEO

O Espírito Santo ensinaravos todo

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán 14, 15-16. 23b-26

Naquel tempo, díxolle Xesús ós seus discípulos:

—«Se me amades, gardaréde-los meus mandamentos, e eu rogaréille ó Pai, e daravos outro Paráclito para que decote estea convosco.

Se alguén me ama, gardará a miña palabra, e meu Pai amarao, e viremos onda el, e faremos vida con el. O que non me ama, non garda as miñas palabras; e a palabra que escoitades de min, non é miña, é do Pai que me mandou.

Díxenvos estas cousas mentres estaba convosco; pero o Paráclito, o Espírito Santo que meu Pai mandará no meu nome, ese havos ensinar todo e traeravos á memoria canto eu vos dixen.»

Palabra do Señor.

Cando o luns ou aínda o martes despois de Pentecostés son días nos que os fieis deben ou acostuman participar na Misa, pódense retoma-las lecturas do Domingo de Pentecostés, ou as da celebración do Sacramento da Confirmación, Lec. III, núms. 764-768.